

CONTIDO 3: MACHISMO NA MÚSICA

SOMOS O QUE ESCOITAMOS. Breve introdución ao machismo musical das nosas vidas.

A Real Academia Española define o machismo como unha actitude de prepotencia dos homes respecto ás mulleres. Prácticas, comportamentos e ditos que resultan ofensivos. As letras de moitas das cancións que escoitamos son un exemplo de isto.

Escoitamos música dende que nacemos, a través de nanas, cancións para aprender as partes do corpo ou incluso unha nova lingua. As letras delas forman parte do noso día, recordamos con elas instantes concretos da nosa vida e sen ser conscientes forman parte da nosa socialización.

Crecemos oíndo como Don Federico matou a súa muller, fíxoa picadillo e a púxo a remover como outro home se quere casar con unha señora da capital que saiba coser, bordar e abrir a porta e o capitán dun barco inglés ten unha muller en cada porto. É mentres escoitamos isto o noso inconsciente crea unha imaxe de como debería de ser o trato entre homes e mulleres.

Unha vez, somos mais maiores Maluma dínos que esta namorado de catro babies, que sempre lle dan o que queren e Shakira espera sentada e mais arraxada que se fora un venres a súa cita, porque vivir a vida sen el é como morrer de amor.

Chegado a este punto, temos que pensar como afecta a unha nena ou neno escoitar este tipo de letras. Elas e eles cando canta estas cancións non son conscientes do que están dicindo pero estes mensaxes deixan unha pegada que da lugar a que asuman valores e patróns de conduta equivocados.

Por iso, como nais e pais temos que pensar que podemos facer para educar en igualdade. Estes son algunhas ideas que poden axudarnos:

- Tentar comprar xoguetes non sexistas. As monecas non solo son para as nenas e os coches non son unicamente para os nenos.
- Utilizar os seus pensamentos despois de ver determinadas películas ou de escoitar certas cancións para debater sobre a desigualdade e xerar neles unha actitude crítica.
- Facer reparto de tarefas na casa para que se habitúen a realizalas e que entendan que non hai traballos de homes e de mulleres.
- Fomentar a lectura de literatura infantil onde se fomente a igualdade.
- Ter en conta que o xénero (feminino e masculino) é unha construción social, fomentar unha discriminación nas actividades que poden facer, os cores da súa roupa, os xogos do seu tempo de lecer, etc. non axuda o seu desenvolvemento. Exemplo: o rosa e o azul son dous cores máis que os dous lles gustan a non ser que se lles ensine que un é para nenas e outro para nenos.

En canto o tema da música, o ideal sería que crecieran escoitando letras non sexistas pero polo proceso de socialización que viven (centro educativo, amizades, familia...) isto resulta case imposible, así que neste caso sería bo poder traballar os contidos das cancións, logrando que entendan que están baseadas nunha situación de desigualdade, e que no caso de algunha das que falamos anteriormente fomentan a violencia de xénero.

Recordade que educar na igualdade e o respecto, tal e como dicía Benjamín Franklin é educar contra a violencia.